

## Acto en lembranza das vítimas da represión durante a folga xeral de 1901 na Coruña



O vindeiro domingo, día **3 de xuño**, ás **12:30 horas**, no **cemiterio de San Amaro** da Coruña, terá lugar a tradicional ofrenda floral que cada ano ven organizando a **CGT da Coruña** en lembranza dos obreiros e obreiras que foron vítimas da represión durante a folga xeral (a coñecida como folga dos ?consumeros?) que tivo lugar na cidade da Coruña os días 30 e 31 de maio e día 1 de xuño de 1901.

A homenaxe terá lugar fronte ao monolito que foi levantado polas sociedades obreiras coruñesas e sufragado por subscrición popular no ano 1906.

Ao seu término, farase outra ofrenda ante o conxunto escultórico situado na Avenida de Navarra en lembranza de tódolos represaliados polo franquismo.

Mais información sobre os sucesos de 1901: [A folga de 1901](#)